



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ANO 2020 ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE “INTERVENCIÓN CON NENOS E NENAS VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL”

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación Meniños o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños a través do cal se desenvolva o programa “LIANA: laboratorio de investigación en apego e narrativa”, único en Galicia, dirixido a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero, unidade que dende xaneiro de 2019 está en disposición de prestar atención a vítimas da violencia sexual nas catro provincias.

O abuso sexual infantil é un tipo de malos tratos graves que impacta profunda e globalmente sobre a persoa menor de idade, danándoa na súa integridade física, no seu desenvolvemento madurativo e nos seus vínculos coas demais persoas. Segundo a Organización Mundial da Saúde, o abuso sexual enténdese como «unha acción na cal se involucra a un menor nunha actividade sexual que el ou ela non comprende completamente, para a que non ten capacidade de libre consentimento ou o seu desenvolvemento evolutivo (biolóxico, psicolóxico e social) non está preparado, ou tamén, que viola as normas ou preceptos sociais».

A campaña do Consello de Europa para a Prevención da violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes suxire que un de cada cinco nenos e nenas en Europa son vítimas dalgún tipo de violencia sexual, e que entre o 70 e o 85% a persoa agresora é alguén próximo e en quen confía.

O abuso impacta sobre todas as áreas de desenvolvemento:

- física (trastornos do sono, da alimentación, perda de control de esfínteres e outros),





- de conduta (abuso de sustancias, trastornos da regulación de conduta e emocional que inclúen hiperactividade, condutas auto lesivas, abuso de sustancias e dificultades importantes de relación coa contorna),
- emocional (auto e heteroagresividade, ansiedade, baixa autoestima),
- sexual (condutas inapropiadas ou de risco) así como dificultades no establecemento e mantemento de relacións sociais.

As consecuencias a longo prazo son máis difíciles de valorar dada a dificultade de descartar o impacto de experiencias que ocasionen unha retraumatización.

A finalidade do presente convenio é, como se desprende do seu contido, a concesión directa dunha axuda ou subvención á Fundación MENIÑOS ao abeiro do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Este convenio da cumprimento ao que a referida normativa establece como requisito que ha de concorrer para o outorgamento da subvención, por canto a entrega realízase sen contraprestación directa do beneficiario.

A entidade conveniente conta con recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo de anos de colaboración. Consideráselle polo tanto idónea para a execución de dito programa pola súa experiencia no ámbito da atención aos/ás menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que “por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública”.

A Consellería de Política Social aboará á Fundación Meniños para a execución deste convenio 65.000,00 € na aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.0

A sinatura deste convenio non require de autorización previa do Consello da Xunta.

O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio será aproximadamente de 100 casos.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

María Amparo González Méndez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

